



C.E.P.

PLURILINGÜE  
DE

RIOMAYOR



**MEMORIA**





**PROGRAMA DE FORMACIÓN**

**OBSERVA- ACCIÓN**





# CONTIDOS

 1. VINCULACIÓN COS OBXECTIVOS DO PROXECTO.....	3
 2. DIFUSIÓN DA OBSERVACIÓN.....	9
 3.IMPACTO NO CENTRO.....	10
 EVIDENCIAS.....	11

## 1. VINCULACIÓN COS OBXECTIVOS DO PROXECTO

Si por algo destaca este centro é pola cohesión do claustro que aínda que non é estable conséguese en base de ter un proxecto educativo do centro moi claro e sólido cunha liñas de traballo moi definidas e consensuadas traballando con visión de equipo, e non de xeito illado ,o que facilita moito o desenvolvemento do noso traballo neste proxecto.

A liña de traballo escollida polo centro foi:

***Competencia en innovación e investigación*** e por tanto as metas que nos fixamos foron as seguintes :

➤ **Deseñar, establecer e aplicar un plan de mellora no centro a partir da observación. Xestión de calidade**

-Consideramos que cada curso debemos avanzar e mellorar, así que aproveitando a nosa participación no programa Observa-Acción deseñamos un plan de mellora baseado nas observacións realizadas. Este plan de mellora contempla aspectos relacionados coa:

↳ **MELLORA DO MOBILIARIO.** Decatámonos que non todas as aulas tiñan as cadeiras adaptadas nin as súas mesas eran funcionais polo que fixemos un estudo de como mellorar o mobiliario en canto a mesas e cadeiras.

↳ **MATERIAL FUNXIBLE.** Está ubicado en reprografía na planta baixa pero haberá que pensar en ter algún nos recunchos das aulas para evitar saídas da aula á planta baixa en busca do material. Ademais decidimos crear unha aula para poder traballar con materiais de papelería especializados: foam, cartolinas diferentes, papel seda ou pinocho ou papel continuo variado, así como material de refugallo( caixas de zapatos, rolos de papel, papeis de agasallo,...) . A doas, purpurina, lazos de cores... fin de fomentar a a creatividade. Tamén se incluírán nesta aula mobiliario axeitado para facer

murais e pistolas de silicona para favorecer proxectos 3D. Esta aula será un espazo común que poderá utilizar todo o alumnado.

- ↪ **ARMARIOS.** Decidimos facer un armarios empotrados para mellorar a ubicación do material e proceder a deseñar a renovación dalgún espazo como a aula de música ou de inglés xa que nas observacións apreciamos que os instrumentos están entorpecendo e collendo po.
- ↪ **DISTRIBUCIÓN DE ESPAZOS.** En canto a ubicación e destino de cada aula fixemos un novo reparto dos espazos e unha nova función das aulas valeiras de todo o centro que consideramos infrutilizadas.
- ↪ **MATERIAL.** Mellora na variedade do material
- ↪ **PRÁCTICA DOCENTE:** Mellora da nosa práctica tras facer reflexión sobre os puntos fortes e febles do cada observación e docente.
- ↪ **DESCUBRIMIENTO:** Aínda que xa tiñamos momentos nos que compartíamos ideas, metodoloxías e estratexias con este proxecto coñecemos aos nosos compañeiros con novos ollos e descubrimos que dentro da aula é moito mellor: a observación entre iguais chegou para quedarse.(momento EUREKA )
- ↪ **PROXECTO:** No centro usamos unha metodoloxía consensuada e este curso desenvolvemos un novo proxecto chamado New Cobres: Cre-Acción que a través da gamificación desenvolve actividades multinivel e de xeito competencial liderados por equipos de dous profesores (que van variando cada cinco semanas co cambio de temática dos proxectos) e profesorado de apoio. Decatámonos que é un momento excelente para compartir a nosa práctica docente e estratexias, así que na avaliación que se fai tras as actividades, decidimos incluír un apartado dedicado á observación. Deste xeito aproveitaremos a oportunidade que nos brinda o compartir espazo, tempo e alumnado.



↪ **ACORDO.** Despois de reunir a CCP deixamos reflexado este acordo que será incluído en setembro no PEC, para garantir o seu desenvolvemento.

↪ **NOVA VISIÓN** dos espazos grazas á reflexión:

-Crearemos catro espazos aproveitando os Polos creativos para ubicar mobiliario e materiais que oferten ao alumnado e profesorado múltiples opcións de traballo e desenvolvemento da creatividade tanto na planificación docente como na produción por parte do alumnado, Serán aulas con mesas grandes e estantes adecuados ao tipo de material funxible ou maquinaria que se utilizará.

Unha xa foi descrita con anterioridade e será onde se ubique o material funxible e artístico.

A segunda aula será para traballo con materiais brandos e textis. Dotaremos a aula con espazos con mobiliario cómodo para o traballo con lá, fíos de bordado, teas, costura en xeral e igualmente outro tipo de creacións como chapas e produtos 3D.

Unha terceira onde ubicaremos todo o material informático e tecnolóxico como impresoras 3D, ploter de cortado medabots, tablets, ordenadores e equipo de vídeo e son así coma un croma.

A cuarta aula será destinada todo o traballo manual tipo marquetaría barro e outros materiais duros. Conta con fregadeiros profundos e espazos e mobiliario amplo para este tipo de traballo.

Igualmente incluiremos un quinto espazo que xa temos en marcha que é a radio escolar totalmente insonorizado e perfectamente equipado para gravación de podcast.

Todos este espazos serán de libre uso durante as clases e con actividades programadas e dirixidas o día dos traballo con proxectos- NEWCOBRES

↳ **DECISIÓN:** Aínda que de xeito esporádico xa viñamos reservando un tempo na tarde dos martes para compartir boas prácticas chegamos á conclusión que non é o mesmo que cho conten que vivilo polo que a observación se levará a cabo de xeito regulado.

↳ **SISTEMATIZACIÓN:** Cada martes primeiro de mes planificaremos os horarios das observacións, tipos ou temáticas se estes fosen focalizadas. No seguinte primeiro martes de mes recolleranse as conclusións tomaranse decisións para incluír no PEC a través da CCP e planificaranse as seguintes.

↳ **REFLEXIÓN:** A valoración posterior do traballo e erros ou dificultades atopados condúcenos a un período de reflexión e priorización de obxectivos que nos facilita mellorar a calidade do ensino no noso centro en todos os aspectos. Tomou, igualmente; moito sentido tamén a fase previa a observación onde os dous docentes se poñen de acordo para programar a observación polo que xera achegamentos e debates pedagóxicos de gran interese.

➤ **Analizar espazos e adecualos O plan de Arquitectura pedagóxica**

O CEP Plurilingüe de Riomaioir é un centro con moitas oportunidades e nunca deixamos de cuestionar e realizar melloras nos espazos servíndonos de inspiración os diferentes shadowings que podemos realizar en Canadá, Escocia ou Helsinki, así que desexamos seguir avanzando para sacar partido dos amplos espazos cos que contamos no noso centro e diversificalos para atender as posibilidades e facilitar a creatividade, desenvolvemento das competencias e potencialidades de todo o alumnado á vez que creamos un lugar agradable onde todo o mundo se sinta acollido considerando o centro como un segundo hogar.



Creemos cegamente na importancia que teñen os espazos , a decoración, as cores e os espazos en xeral e o impacto que producen no alumnado polo que retomaremos a formación neste sentido que o tiñamos un pouco esquecido dende que nos centramos nas novas tecnoloxías.

Todo o que reflexionamos entorno a este tema fixo chave e completou un curso do PFPP que levamos a cabo fai algúns cursos o que veu a facer como un recorda sobre o mesmo.

Como xa describimos no plan de mellora este proxecto fíxonos reflexionar sobre unha posible nova habilitación dos espazos polo que xa temos plans de traballo e deseño para espazos, que estabamos infrautilizando, así como a implementación dun horario para o seu uso. Isto pecha un capítulo que iniciamos fai 8 anos con diferentes plans de formación e que por fin nos deu unha visión do colexio que queremos todos: profesores, alumnado, familias e concello quen colabora moito nos nosos plans.

➤ **Propoñer estratexias e ámbitos de intervención para promover a vida saudable.**

Dedicamos todo o curso pasado ao traballo con todos os aspectos do benestar do noso alumnado, e cremos moi importante seguir mellorando e aplicando diversas estratexias para lograr educar a cidadáns expertos neste tema. Cando falamos de vida saudable pensamos en sentirnos ben tanto por dentro como por fora, a través da alimentación, do exercicio físico, do coidado persoal e dos espazos que habitamos e igualmente sentímonos ben axudando aos demais.

Amoblamos a cociña do centro que utiliza o noso alumnado nos diferentes talleres e proxectos. Estamos traballando coa selección de produtos por calidade, proximidade e caducidade e na elaboración de listas de compras e receitas. Así como na plantación do noso horto con compost, que tamén consideramos un espazo educativo.

Sobre este tema xa viñamos traballando arreo e de feito solicitamos un selo de calidade na última convocatoria o que reforza a observación nestes espazos mais ligados intimamente a vida saudable como a cociña na elaboración de receitas ou na aula de benestar ou incluso actuacións no patio cando son as supervisións do recreo que no curso non foron mencionadas e sí é outro espazo onde a observación de como tramitar ou xestionar as incidencias tamén se pode aprender dos demais mestres.

A clase de educación física tamén está incluída nestes espazos de observación mais vinculada a vida saudable.

➤ **Observar e optimizar a práctica docente a través da observación inter-pares e inter-centros**

Creemos na colaboración e na aprendizaxe conxunta. Xa temos establecidos no noso PEC así como na nos PFPP momentos nos que compartimos experiencias e prácticas docente e aínda que xa o faciamos a través de vídeos e produtos elaborados con e polo alumnado. Descubrimos que a observación directa na aula apórtanos mais información e así podemos enriquecer esta actividade que xa viñamos facendo.

Establecemos protocolos de traballo para coordinarnos e compartir experiencias e así levar a cabo de xeito máis eficiente a nosa práctica docente.

Aprendemos e avanzamos xuntos cara a unha mellor calidade do ensino. Estamos dispostos a mellorar baseándonos na observación entre iguais dentro do centro e agora estamos desexando facelo intercentros.

Estamos en contacto cos centros da nosa zona educativa para difundir e ofertar esta experiencia e poder así seguir aprendendo.

➤ **-Deseñar e implementar a avaliar estratexias de desenvolvemento sostible**

Debemos asegurarnos que as medidas tomadas e que favorecen a práctica docente non son abandonadas ou sedimentadas no esquecemento así que cada comezo de curso faise unha formación



inicial para os membros novos do claustro e que á vez serve de actualización a todos os demais.

Cada inicio de curso temos deseñada unha formación inicial para os novos membros do claustro para o novo profesorado do centro así como un xeito de refrescar as nosas metodoloxías, estratexias e decisións tomadas no curso anterior.

Dentro da planificación dos martes contamos cun tempo de reunión xeral o primeiro martes de cada mes que xa viñamos adicando a planificacións e na que agora incluiremos, como xa explicamos anteriormente, a planificación sistemática de momentos de observación así como posteriormente reflexión do observado. Estas reflexións encouzarán o traballo e decisións a tomar posteriormente na CCP que incluiremos no PEC.

## 2. DIFUSIÓN DA OBSERVACIÓN

A difusión da observación fixémosla a diversos niveis

- O centro comezou a difusión da experiencia incluíndo o punto na primeira reunión coa ANPA o 13 de febreiro de 2023 explicando o obxectivo da actividade
- Na reunión do 24 de xaneiro que tivo lugar no centro co Claustro de mestres iniciouse a planificación da actividade despois de presentar o proxecto o 16 de novembro
- Na reunión da mesma data o 24 de xaneiro na reunión do consello escolar explícaselle ao consello en que consiste o proxecto e o futuro do mesmo
- No intercambio de información co alcalde de todos os meses puxemos en valor este proxecto que valorou moi positivamente
  - Do mesmo xeito aproveitamos a visita da concelleira de educación ao consello escolar para facerlle unha explicación máis polo miúdo de aspectos sobre o centro e resaltamos unha vez máis o proxecto OBSERVA ACCION.
  - O centro favorece calquera actividade de divulgación así como a participación en xornadas ou encontros que organice a rede de formación do

profesorado para dar a coñecer as boas prácticas educativas ou de innovación levada a cabo no centro.

- Frecuentemente membros do noso claustro imparten formación en outros centros e comparten as experiencias adquiridas e as de deseño propio.
- Difusión do proxecto nuha charla de difusión nunha charla para inspectores e directores de Rumanía e Francia levada a cabo o 21 de febreiro a traves de videoconferencia
- A outros centros educativos aproveitando a oportunidade onde facemos formación de TIL e outras metodoloxías.
- Para comezar cos alumnos/as aos que tivemos que explicar a actividade xa que nos vían observando as clases.
- As familias nas reunións de pais.
- A través da páxina web do centro, do blogue da biblioteca
- A través do Instagram
- Nunha formación que se leva a cabo no centro con todo o profesorado da contorna con outra temática ben diferente pero aproveitamos que teremos bastante aforo para comentárllelo.
- Podcast
- Twiter

### 3.IMPACTO NO CENTRO

O noso centro é aberto e flexible sempre disposto a beber de todas as fontes que aporten unha mellora na práctica educativa e benestar do noso alumnado. As diferentes observacións que os mestres e mestras do noso centro levan feito ata o de agora aportounos outro enfoque nalgúns dos aspectos da nosa organización e metodoloxía que repercutiu moi favorablemente no benestar do noso alumnado e na calidade da nosa práctica docente. Algúns dos aspectos que xa modificamos aplicando o observado foron:

- ↪ A planificación e sistematización que se implanta dende agora no noso funcionamento como centro.
- ↪ Modificación de espazos
- ↪ Habilidade e adecuación do traballo que se vaia desenvolver no espazo
- ↪ Reflexionar sobre aspectos que viñamos traballando pero agora que observamos en primeira persoa na aula
- ↪ Mellora na relación entre o profesorado
- ↪ Mellorar espazos e mobiliario aportando flexibilidade tanto dentro como fóra da aula.
- ↪ Perfeccionar a atención á diversidade.

- ↪ Planificación de recunchos e actividades multinivel e con modelos dados, para atender eficientemente a diversidade do noso alumnado.
- ↪ Creación de espazos que axuden ao desenvolvemento das múltiples intelixencias e habilidades do noso alumnado como cociña, radio escolar con espazos de vídeo-gravación, espazos para traballos con materiais brandos como teas, las e fíos e outros como barro e madeira.
- ↪ Promoción das merendas saudables incluíndo os tres elementos fundamentais: carbohidratos, verduras e froitas e proteínas coa utilización de contedores con divisións a través do uso da nosa cociña recen equipada.

MOMENTOS EUREKA.- A observación chegou para quedar

**Para rematar queremos resaltar a boa disposición do claustro para participar de xeito activo neste programa**

#### EVIDENCIAS APORTADAS

- ✓ **FOLLAS DE OBSERVACIÓN HOLÍSTICA**
- ✓ **FOLLAS DE OBSERVACIÓN FOCALIZADA**
- ✓ **CRONOGRAMAS**
- ✓ **SESIÓNS DE AVALIACIÓN**
- ✓ **DOCUMENTOS DE RESULTADO**
- ✓ **PROPOSTAS DE MELLORA**
- ✓ **DECÁLOGOS**
- ✓ **INFOGRAFÍAS**
- ✓ **ACTA DA CCP CON REXISTRO DA SISTEMATIZACIÓN.**
- ✓ **ANEXOS CON FOTOGRAFÍAS E ENLACES A PODCAST DE REFLEXIÓN**

Vilaboa 15 marzo 2023